


## OS NOSOS HERPETOS

## 3 ANUROS (II)

Os anuros son anfibios que teñen as patas posteriores moito máis longas que as dianteiras e que non presentan cola cando son adultos. Durante a metamorfose, sáenlle antes as patas posteriores que as anteriores, ao tempo que se lle vai reducindo paulatinamente a cola ata desaparecer por completo. Durante a época de celo, os machos emiten cantos diferenciados segundo a especie.



**Ra verde**  
(*Pelophylax perezi*)



Ra bastante grande, podendo acadar os 10 cm.  
Ollos con pupila lixeiramente horizontal.  
**Cor dorsal verde con manchas máis escuras, normalmente cunha liña vertebral verde clara.**  
Ventralmente abrancazadas, con ou sen manchas.

### Ras

**Estroza**  
(*Hyla molleri*)



Ra de pequeno tamaño, entre 4-5 cm.  
Ollos con pupila horizontal.  
**Cor verde intensa con dúas liñas marróns nos costados.**  
Ventralmente de cor branquecino.  
**Dedos rematados en ventosas.**

**Ra patilonga**  
(*Rana iberica*)



Ra de pequeno tamaño, duns 4 cm.,  
aínda que pode ser máis grande  
Cor dorsal parda, máis ou menos escura.  
**Gorxa manchada de escuro cunha liña central clara.**  
Membranas interdixitais grandes.  
**Tímpano pequeno e case imperceptible.**

**Ra vermella**  
(*Rana temporaria*)



Ra de tamaño mediano, uns 6 cm.,  
aínda que poden chegar aos 9 cm.  
Cor dorsal parda avermellada ou ocre.  
**Gorxa sen manchas ou con puntiños, sen liña central.**  
Membranas interdixitais pequenas.  
**Tímpano moi visible e case tan grande coma o ollo.**

